Materia: Xeografía e Historia de Galicia

Esquema para a Unidade 12: O espazo xeográfico e as actividades económicas.

1. Espazo e aproveitamento do sector agropecuario

Produción agraria: sector gandeiro, agrícola e forestal.

Gandaría, principal base da agricultura galega.

Nas últimas décadas séc. XX. Industrialización do agro.

Importante emprego indirecto: Na industria transformadora e na distribución comercial da produción agraria.

Desde XII ate XX predominio do sistema de foros. Dificultade de acceso á propiedade por parte dos labregos. Predominio da pequena propiedade.

2. Transformación e problemática do espazo rural galego

Anos 60. Tránsito dunha agricultura de autoconsumo para un modelo de estrutura capitalista. Protagonismo da gandaría vacún de produción láctea.

Desigual presenza territorial da actividade agraria.

Políticas de concentración parcelaria.

Proceso de modernización: mecanización das tarefas agrícolas. Introdución de abonos minerais.

Nas especies cultivadas orientación á produción de forraxe para a gandaría. Plantas forraxeiras. Elemento importante na dieta de gando vacún.

Mantemento da produción cerealística. Millo na primavera. Centeo e trigo no inverno.

Empurre da produción hortícola baixo plástico.

Viticultura. A partir dos anos 80. Substitución de variedade alóctonas por variedades autóctonas.

Incremento da agricultura a tempo parcial. Elevada proporción de titulares de explotacións con máis de 55 anos.

2.1 O papel da gandaría

Modernización da gandaría centrouse no bovino e porcino. Menor protagonismo para avicultura, cunicultura e cría de visóns.

As explotacións de gando: maior nº de cabezas por explotación. Mellores rendementos. Dieta alimentar a base de pensos compostos. Sistemas de inseminación, Controis veterinarios. A entrada na UE, significou maior competitividade. Sistema de cotas para o sector lácteo.

Gando vacún, produción de leite e carne. Incorporación de razas alóctonas, como a frisona holandesa. Galicia , 1ª produtora de leite do Estado.

A produción de carne. Gando para engorde. Creación da D. O "Ternera Gallega".

2.2 O sector forestal hoxe

Principal funcionalidade, a produción madeireira.
Especies principais: eucalipto, piñeiros, carballos.
Conflitividade histórica sobre a propiedade comunal.
Anos 40. Repoboacións masivas (Patrimonio Forestal do Estado).
1/3 superficie forestal é monte veciñal.
Incorporación do valor social e medioambiental.
A capacidade de fixar carbono que teñen as árbores convérteas en aliadas da loita contra a mudanza climática.

3. A realidade da actividade pesqueira

Dúas realidades pesqueiras. Sector artesanal. Traballa en barcos próximos á costa. Sector industrial. Pesca de altura e gran altura.
Pesca galega representa o 40% da pesca estatal.
Importante traballo indirecto: Transformación e comercialización da pesca, actividades de apoio técnico.
Vigo e A Coruña, principais portos. Burela, Celeiro, Marín e Ribeira, portos secundarios.
Sector de vocación exportadora. Domina o peixe conxelado, moluscos e conservas de pescado.
3.1 O marisqueo e a acuicultura
Importante fonte de recursos mariños.
O marisqueo, actividade tradicional. cultivos en concesións ou parques. Croque e ameixas.
No sector acuícola, destaca a produción de mexillón. Papel secundario para a ostra e a vieira.
Galicia, 2º produtor mundial de mexillón, despois de China.
1950 , instalación das primeiras bateas.
Incremento das granxas de produción de peixes: rodaballo, ollomol, linguado.

4. Actualidade da Industria en Galicia
Predominio de pequenas e medianas empresas.
Eixo Atlántico, corredor principal de localizacións industriais. Maior densidade: A Coruña-Ferrol, Vilagarcía-Pontevedra-Vigo, Santiago de Compostela.

4.1 Os sectores da actividade industrial

Fabricación de material de transporte, Vigo (automoción, naval), Ferrol (naval); sector da alimentación, pequenas empresas , grandes grupos: Pescanova, Coren, conserveiras; metalurxia, eido téxtil, Inditex, Adolfo Domínguez; industria da madeira.
Sector enerxético: hidráulico, térmico, eólico.

5. O proceso de terciarización da economía galega

Aos 60, Incremento do sector servizos. Grupos principais: servizos públicos, servizos comerciais.
Outros sectores: transporte e comunicación, hostalaría e restauración.
Proporción alta de asalariados.
Nos últimos anos, instalacións de grandes empresas de distribución e de cadeas de venda. Localización nas áreas urbanas.

6. Transportes e comunicacións como elementos da organización territorial.
Localización e configuración do relevo causas do illamento de Galicia.
Últimas décadas, melloras na construción de dúas autovías. Autoestrada AP-9.
Incremento da capacidade aeroportuaria e portuaria.
Melloras na rede intrarexional.
Deficiente rede de camiños de ferro.
Crecemento do tráfico aéreo. Tres aeroportos: Vigo, A Coruña, Santiago de Compostela.
Tráfico marítimo. Vigo, principal porto comercial. Automóbeis, Granito, Peixe.
A Coruña, Porto petroleiro e grandes sólidos. Pesca. Porto exterior en construción.
Ferrol. Mineral. Porto exterior en activo.
Vilagarcía e Marín.

7. Turismo, impacto socio-económico e medioambiental

Representa o 11,6 % do PIB. Heteroxeneidade de actividades produtivas: transportes, empresas culturais, hoteis e restauración.
Melloras nas comunicacións: Incremento dos fluxos turísticos.
Principais zonas: As Rías Baixas, Golfo Ártabro, A Mariña luguesa, Santiago de Compostela.
Procedencia do turismo: centro e nordeste da Península. Turismo interior.
Incremento do turismo rural.

Turismo termal: Balnearios, centros de talaso e spas.
Impactos negativos: deterioro territorial e medioambiental

9 A configuración e división territorial

9.1 O proceso histórico da configuración do territorio. Camiño do hoxe.

Condicións naturais e procesos históricos configuraron o territorio ao longo do tempo. No período castrexo, ocupación estábel a partir dos castros.
Coa chegada dos romanos, creación de cidades e rede de calzadas.
Coa chegada do cristianismo aparece a parroquia. Nas parroquias aparecen inxeridas as aldeas.
s. XVI. Maior protagonismo urbano. Pontevedra e Santiago de Compostela.
Coa chegada do millo, séc. XVII, muda a realidade demográfica e a configuración agraria.
séc. XIX-XX. Proceso migratorio.
2ª metade do século XX. Acentúase o proceso urbano. Reforzo da sociedade industrial e dos servizos.

9.2 A organización político-administrativa de Galicia

Desde a Idade Media. O Reino de Galicia mantense como unidade administrativa. Dividida en sete provincias. Cada provincia composta por xurisdicións e coutos redondos.
En 1833, Galicia fica dividida en catro provincias: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.
Desde 1981, Galicia estruturase como nacionalidade histórica no Reino de España. O goberno autónomo asume competencias en educación, sanidade, transportes, industria.

9.2.1 A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

Espazo de forte interrelación social, económica e cultural. Sector servizos (52,7%), Industria e construción (40,1%), sector primario (7,2%). Constituída en 1991.
Obxectivo coordinar iniciativas, infraestruturas, saúde, educación, cultura, pesca, medio ambiente.
Catro CTC (Comunidades Territoriais de Cooperación).
Comisión específica Eixo Atlántico do Noroeste.

9.3 Desequilibrios territoriais: costa-interior
Dúas realidades socioeconómicas asimétricas.

Litoral:urbano, industrial.

Interior: maior caracterización agraria.

Causas: factores demográficos, económicos e territoriais.

Para contrarrestar a realidade disimétrica. Liñas de iniciativas para fixar poboación nas áreas máis desfavorecidas.